

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/06/2009 16:30
Nº Rexistro: 02731
Data envío: 15/06/2009 14:20:28.111

Á MESA DO PARLAMENTO


Carlos Aymerich Cano e Ana Luisa Bouza Santiago, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para resposta **escrita**, relativa á reforma da escola infantil de Mera (Oleiros), comprometida polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

O Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar asumíu o compromiso de reformar e ampliar a Escola Infantil da Lagoa de Mera, actuación que incluía a instalación dun elevador, a creación dun patio cuberto de xogos e o adecentamento das actuais instalacións para a posta en funcionamento o vindeiro curso dunha escola de 3 unidades. Os planos desta escola foron enviados polo goberno local de Oleiros aos técnicos do Consorcio para a correspondente verificación do estado e realización desas melloras.

Así as cousas, formúlanse as seguintes cuestións:

Cando vai acometer o actual goberno a reforma e ampliación da Escola Infantil da Lagoa de Mera comprometida polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar co fin de satisfacer a elevada demanda de prazas públicas de educación infantil existente no Concello de Oleiros?

Santiago de Compostela, a 15 de Xuño de 2009



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/06/2009 16:30
Nº Rexistro: 02731
Data envío: 15/06/2009 14:20:28.111

Asdo.: Carlos Aymerich Cano

Asdo.: Ana Luisa Bouza Santiago

Deputado do G.P. do BNG

Deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 15/06/2009 14:19:43

Ana Luísa Bouza Santiago na data 15/06/2009 14:19:51